



CONCELLO DE SANTIAGO

RESUMO DA XUNTA DE GOBERNO DO 3 DE XULLO DE 2015

LICENZAS

FAVORABLES.-

LIC/581/2015.- MARIA PINTOS GARCIA.- Conceder a licenza para executar as obras de substitución de cuberta dun inmoible sito na rúa das Rodas nº 14.

LIC/1516/2014.- MARIA JOSÉ ARNEJO NOYA.- Conceder a licenza para executar as obras de rehabilitación, reforma e construción dunha vivenda unifamiliar sita na rúa Campiño de Guadalupe nº 35.

LIC/1126/2012.- JUAN ANDRÉS JAMARDO MIGUÉNS.- Aceptar a cesión de terreo dende a aliñación oficial e conceder a licenza para executar as obras de construción dunha vivenda unifamiliar en Lugar Agra dos Campos.

DEVOLUCIÓN DE FIANZA.-

LIC/369/2015.- DAVID COLLANTES MAROLLO.- Acceder á devolución do aval depositado por importe de 1.500 € para responder da reposición dos servizos urbanísticos que resulten afectados como consecuencia da execución das obras autorizadas no expediente LIC/824/2009 relativas ás de construción dunha vivenda unifamiliar sita en lugar Casas Vellas – A Lameira – Marantes, 11.

2.- Proposta do concelleiro delegado de Espazos Cidadáns, Dereito a Vivenda e Mobilidade relativa a concesión de licenza para executar as obras de substitución de cuberta dun inmoible sito na rúa das Rodas nº 14. (LIC/581/2015).

3.- Proposta do concelleiro delegado de Espazos Cidadáns, Dereito a Vivenda e Mobilidade relativa a concesión de licenza para executar as obras de rehabilitación, reforma e construción dunha vivenda unifamiliar sita na rúa Campiño de Guadalupe nº 35. (LIC/1516/2014).

4.- Proposta do concelleiro delegado de Espazos Cidadáns, Dereito a Vivenda e Mobilidade relativa a concesión de licenza para executar as obras de construción dunha vivenda unifamiliar en Lugar Agra dos Campos. (LIC/1126/2012).

5.- Proposta do concelleiro delegado de Espazos Cidadáns, Dereito a Vivenda e Mobilidade relativa a devolución de fianza.

Apróbanse as propostas.

6.- Proposta do concelleiro delegado de Espazos Cidadáns, Dereito á Vivenda e Mobilidade relativa á devolución da garantía da urbanización do Polígono 4 do Plan parcial de Fontiñas, presentada por CAMPUS SOCIEDAD COOPERATIVA LIMITADA DE VIVIENDAS.

Autorízase a devolución da garantía da urbanización do polígono 4 de Fontiñas presentada por CAMPUS SOCIEDAD COOPERATIVA LIMITADA DE VIVIENDAS por importe de 832.699,77 euros

7.- Propostas da concelleira delegada de Políticas Sociais, Diversidade e Saúde relativa a axudas sociais.

Apróbase a concesión de 35 axudas de carácter social dentro do programa MAPIS (medidas de apoio para a prevención e a inserción social). 24 para manutención (32.231 euros), 9 para aluguer (6.608,07), 1 para gastos excepcionais (240) e 1 para actividades (258) por un importe global de 39.337,07 euros.

8.- Proposta da alcaldía relativa á adxudicación definitiva do contrato de "Subministro de pezas de recambios de automoción para os vehículos e maquinaria do Excmo. Concello de Santiago de Compostela a favor da empresa RECAMBIOS SANTIAGUESES, S.L.". (CON/64/2014).

Adxudícase o contrato de referencia por un período de dous anos a favor da empresa RECAMBIOS SANTIAGUESES SL aplicando aos productos a subministrar os prezos unitarios ofertados ata un importe máximo de 61.983,47 euros /ano (máis IVE).

9.- Proposta da concelleira delegada da área de Cultura e Patrimonio relativa á adxudicación do "Servizo de mantemento e reparación de varandas, eliminación de mobiliario en desuso, limpeza e eliminación de grafitis e limpeza e repintado de placas con nome de rúas, monumentos... no ámbito da cidade histórica de Santiago de Compostela." (CON/18/2015).

Adxudícase o contrato para a prestación do servizo de mantemento e reparación de varandas, eliminación de mobiliario en desuso, limpeza e eliminación de grafitis e limpeza e repintado de placas con nome de rúas, monumentos... no ámbito da cidade histórica de Santiago de Compostela á empresa CONSERVACIÓN DEL PATRIMONIO ARTÍSTICO RENOVATIO SLU por un importe de 33.050 euros máis IVE e unha porcentaxe de baixa a aplicar sobre o cadro de prezos unitarios do 5,5%, ao ser a oferta máis ventaxosa das presentadas. As actuacións a desenvolver finalizaranse durante o ano 2015 e, en todo caso, ao esgotar a cantidade máxima orzamentada.

10.- Proposta da concelleira delegada da área e Cultura e Patrimonio-Centros Socioculturais relativa á prórroga do contrato de aluguer do local sito na calzada das Cancelas 19 para uso como centro sociocultural das Cancelas.

Prórrogase o contrato de aluguer do local sito na Calzada das Cancelas nº19 para uso sociocultural no barrio das Cancelas polo prazo dun ano a contar desde o 16 de xullo de 2015 e ata o 15 de xullo de 2016 por importe de 679,81 euros/mes. O arrendador e o Concello pactan non revisar o prezo mensual do alugueiro.

11.- Proposta do concelleiro delegado de Medio Ambiente e Convivencia relativa á adxudicación do "Servizo de radiocomunicacións trunking de voz e datos para o Concello de Santiago de Compostela, á empresa TALLERES ELECTROTÉCNICOS DE PONTEVEDRA S. COOP." (CON/74/2014).

Adxudícase o contrato para a prestación do servizo de radiocomunicacións trunking de voz e datos para o Concello de Santiago de Compostela á empresa TALLERES ELECTROTÉCNICOS DE PONTEVEDRA S.COOP por un importe de 16.244,88 euros/ano máis IVE por un período de dous anos.

12.- Proposta do concelleiro delegado da área de Réxime Interior e Administración Pública relativa á adxudicación do contrato de "Subministro de folios, sobres e carpetas para o Concello de Santiago de Compostela". (CON/9/2015).

Adxudícase o contrato para o subministro de folios, sobres e carpetas para o Concello de Santiago de Compostela á empresa OFFICE DEPOT SL por importe de 10.172 euros/ano máis IVE por un período de dous anos.

13.- Proposta relativa á posta en coñecemento da addenda nº 2 ao convenio entre a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestructuras e o Concello de Santiago para o financiamento da redacción da revisión do Plan Especial de Protección da Cidade Histórica do Concello de Santiago de Compostela.

Tómase coñecemento da addenda nº2 ao devandito convenio polo que se reaxusta o financiamento das anualidades do seguinte xeito:

2013 e 2014 sen dotación

2015: 86.000 (Concello), 86.000 (Xunta). Total: 172.000 euros

2016: 66.000 (Concello), 66.000 (Xunta). Total: 132.000 euros

2017: 42.950 (Concello), 42.950 (Xunta). Total: 85.9010 euros.

Total por cada administración: 194.950 euros.

Total: 389.900 euros

(Na addenda nº1 figuraba a seguinte distribución:

2013: sen dotación

2014: 86.000 euros

2015: 66.000 euros

2016: 74.600 euros)

14.- Proposta da concelleira delegada de Deportes relativa a participación nos XI Xogos do Eixo Atlántico.

Apróbase a participación da delegación deportiva que representará ao Concello de Santiago nos XI Xogos do Eixo Atlántico, que se desenvolverán do 5 ao 10 de xullo nas cidades de Porto, Vila Nova de Gaia e Matosinhos. A delegación está constituída por 58 persoas distribuídas nas especialidades de atletismo para discapacitados, baloncesto masculino e

feminino, fútbol 7 masculino e natación masculina e feminina. Apróbase un gasto de 18.846,51 euros.